

# Descripzón da regueifa en Negreira

(LIDO NO SEMINARIO DE ESTUDOS GALEGOS)

Pois señor: esta era unha parexa de namorados que non podendo xa co peso de tanto cariño, acordaron coroar os seus amorios da mellor maneira posible entr'as varias coñecidas e usuales: atando as suas vidas co nudo gordiano do casamento.

Non caerei na pecamiñenta prolixidad de entreteer o leutor detallando minuciosamente as xestións que tivo que facer o noivo pra conseguir o pase de quintas e a fé de soltería, nin os pasos que deu de unha a outra reitoral — pois advirtese que as dúas familias acougaban en diferentes parroquias — arreglando entr'os respectivos abades o asunto das partidas de bautismo, consentimentos paternos, monicíos e mais requisitos do caso, e gracias a que os seus albres xenealóxicos non se atopaban has'ro infinito, os prometidos non se viron obrigados a entablal'a dispensa de impedimento por parentesco, anque este alcanzase o centésimo grado; nin vos direi nada das faladurías que con motivo do próusimo casamento, correron pol-os aledanos (que a marmuración do lugar en todo se pousa) sobor de si un ou outro dos noivos era boa ou cativa comeneneia, si as leiras caían por colleita, si cada unha das dúas familias tiñan tantos ou cantos ferrados de terra labradía, a monte, herbal ou devesa, henchiran dous ou tres claros do hórreo, tiñan mais ou menos vacas e outro gando, e si debían poucos ou moitos miles de réas: circunstancias todas que xuntas arrojan como resultado un estado de fartura que os paisanos sintetizan gráficamente nunha de estas espresions: «son probes» ou «collen millo pro ano» dicindo n-este último caso que teñen *pan e porco*.

Tamén pasarei por alfos das comadres sobor de si a noiva e a futura sogra ou as cufiadas, tiñan millor ou peor xenio, eran mais ou me-

nos traballadoras, colleran ésta ou a outra sona; e non falarei tampouco das cartas que foron a Habana ou a Buenos Aires, noticiando e consultando o caso cos ausentes das dúas casas, nin dos graciosos comentarios que se fixeron sobr'as roupas domingueiras que se habian de sacar do fondo da hucha ou estreñarse aquel día, pra campar na cirimonia noival.

Concretareime nas presentes verbas, a dar unha idea, anque ésta sexa moi lixeira, dos pasaxes mais marcados e os caracteres mais distintos da regueifa, unha das costumes mais arregadas nas nosas aldeas.

E dígovos de veras que a descrición axustárase en outro grado a realidade, todo o que sigue, é a verdá ispida de perindingues rotóricos pro engalanada con observacions collidas do natural, e sobre o terreo, azugulado de sinxela espontaneidá.

A mesma noite en que se leva a cabo a boda, é preciso (xa que a costume repetida fai ley) que a madriña do casamento teña preparado o pan da regueifa, que ven a ser un ou dous molletes de trigo de cinco a dez libras de peso, ou ben unha rosca de pan de hovo, á estilo do país, que fachendosamente é gabada apelidándose «com'a roda d'un carro». Noticiosa a xente moza dos veciños lugares do acontecemento, xúntase despois de hora de cea o pé da cas onde se vai a facer a comida da boda, que as mais das veces é aquela en que han de acougar os noivos, enchendo a pública multitude a eira, o quinteiro ou algún grallal, si por acaso chove; e alí piden os mozos que da casa boten fora ou poñan á vista a regueifa, referíndose ó pan, entoando copras semellantes a éstas:

— Botade a regueifa fora  
Que é feita de pan de trigo.

Pra cantala e mais comela  
Podedes contar comigo.

Estrofa que é contestada por esta outra:

— Podemos contar contigo  
Prenda do meu paladar;  
No na pidas pra ti sólo  
Que co-ela vas a estoupar.

—  
Ou ben empeza outro:

— A regueifa está na mesa  
No medio ten un pandeiro;  
O molete é tan pequeno  
Que cabe no meu sombreiro.

—  
Si cabe no teu sombreiro  
Caberá na miña gorra;  
Si non botan logo o pan  
Vouvos a mandar á porra.

—  
— Vâlos a mandar á porra,  
Miña prenda regalada;  
Vâmosllo pedir a noiva  
Que hoxe non há negar nada.

—  
— Si hoxe non nega nada,  
Na follíña da malvela;  
Vâmoslle a facer os trastes  
Par-o noivo e mais pra ela.

—  
Par-o noivo e mais pra ela,  
Prenda do meu corazón;  
N-esto de vestir as noivas  
Pénsoche dal-a razón.

—  
E así sucesivamente, con cuartetos d'esta mesma natureza e metro, siguen os cánticos alternados. Logo de moi pedida e arelada, sale un amigo de confianza co-a tal regueifa e poñéndoa en alto, convida a cantala e ganala en forma.

Aquí entra o afimo culminante, a característica da costume que arelo pintar: agora e o lucirse dos copleiros en continua fuxa, semellante ós tençous medioevaes, as veces alcu-mándose uns a outros e aldraxándose adrede, contentándose outras con «vestir a noiva», verba que da a entender que van nomeando entros dous tençoantes as moitas prendas de vestir con que o maxin dos repentizantes copleiros esfórzase en abiar a recién casada.

As cántigas vanse sucedendo arreo, sin entromper a maresa, e repelindo sempre cada cantor o último verso do compañeiro.

Non vaya a creerse que se reduce a dous o número dos cantores, sinón que sempre botan o seu canto a espadas, uns cantos afeizoados; e de vez en cando, atrévese a entromper o turno entr'os mozos algún rapazote ousado con ganas de homearse cos maores, ou ben un parrandeiro xa maduro, peneque, ou con desexos de mocear. As sorrisas francas e sinxelas carcaxadas das mozas que con grande atención siguen a loita dos cantores, sírvelle a estes ó mesmo tempo que de premio, de estímulo pra seguir adiante cas suas inxeniosas copras.

En ocasións ármase algún estropicio por mor de algunha copra punxente ou frente nascida de antigas temas ou porque os viroltes de unha parroquia intentan roubar a regueifa, arrancándoa a forza polo pruido de ganar sonda de matons; pero casi sempre imponse a paz e a broma continua.

Despois de cantar unha ou duas horas, de vestir á noiva e de facer felices agoiros polo porvir dos casados, cobizándolle boandanzas sin conto e desexándolle lua de mel eterna, dirixense as cántigas a elexir un ou dous mozos que reparían con toda equidá o canelo entre todol-os concurrentes; sin a formalización de escrutinio — porque a elección faise en público e a luz do día, ou milor dito da noite — o gardador da regueifa, entregá ó partidador, e éste con moito coidado fai a repartición según o seu leal saber e entender, procurando non desairar a ningún pra que non houbera queixas; e feito, a regueifa queda virtualmente acabada.

Si non é moi entrada a madrugada, e non fai mal tempo, aínda se arma foliada; soan as pandeiretas repincautes, a gaita morriñenta deixa fuxir as suas notas, entón ledas, báilase alí á craridá da lua, se a quer prestar, ou á de algún farol ou candelero que do teito colga; divértense uns cantos rapaces co-as payasadas d'un probe moloudro, e entóanse saudosos alalás e as enxebres cántigas do país, tan cheas de dozura e de tenreza.

Calmado algún tanto o barullo, poden escoitarse ó lonxe os ladridos dos cans e quizais do raposo, o grito agoreiro do moucho, o ledo

canto do galo, os aturuxos dos mozos frasnoidadores; a aldea repousa tranquila, sosegada no medio da súa relixiosa quietude, adormecida no seu berce de follas e frores, abalada pol-a brisa nouturna que zoando docemente, bic'as erguidas copas dos pinos; e mentras tanto, a espesa brétema xenerada pol-os pretos ríos e regueiros, esténdese pouco a pouco sobre os eidos dormidos do val, envolvéndoos cariñenta e mainamente á maneira de branca saba, como querendo gardar o tranquilo sono dos seus habitantes, e protexelos contr'os pavorosos medos de trasnos e pantasmas e sobre todo da temible Compañía.

Dempois...

Deixo dito; Terra e saúde.

M. MAGARIÑOS NEGREIRA

## Follas Novas

Recentemente púxose á venda en todas as librerías unha nova edición das poesías de Valentín Lamas Carvajal, o grande vate ourensán, un dos que figuran en primeira línea, entre aquela pléyade de poetas galegos do século pasado que tan grande impulso deron á nosa literatura.

É un tomiño manual, d'unhas duascenas páxinas, moi ben composto e impreso nos talleres Moret, e e' un limiar de Juan G. del Valle, escritor mozo que revela co' esta escolma de

poesías, e coas breves ringlas de presentación que ll'adica á súa labor un gusto depurado e unha orientación que moito nos aleda.

As poesías que comprende este fermoso volume foron seleccionadas entre as que figuran nos libros «Espiñas, follas e frores», «A musa das aldeas» e «Saudades Gallegas», e nel recóllense as mellores que o ilustre cego escribiu.

Constitue este libro o volume I d'unha Biblioteca escollida de Autores Galegos

tamén os novos valores, dos que se pode agardar un porvir glorioso para a literatura galega.

Desexamos un grande éisito de venda a estes libros, que son merecentes pol-o seu contido espiritual de figurar en todas as casas galegas, e felicitamos aos Sres. Moret e Del Valle pol-a creación da Biblioteca escollida de Autores Galegos, que completará a labor igualmente patriótica que veñen realizando tamén na Cruña outros nosos immans coa publicación LAR.



que se propoñen editar Del Valle e Moret, na que figurarán os grandes escritores da Terra, poetas e prosadores - e na que terán acollida tamén os novos valores, dos que se pode agardar un porvir glorioso para a literatura galega.

Axíña aparecerá a segunda edición de

# NO DESTERRO

e

# DA TERRA ASOBALLADA

Libros de poesías do poeta da raza

RAMON CABANILLAS

EDICION LAR

Estas novas edicións conterán algunhas poesías recentes do grande poeta